

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE AGOSTO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e oito de agosto de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta.

Non asisten e presentan escusa dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Considerando que os expedientes de contratación remitidos á Alcaldía municipal para a aprobación dun plan de seguridade e saúde, así como para a adxudicación do servizo de coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre, son expedientes que requiren de urxente aprobación para poder comezar coa execución das obras ás que fan referencia.

Visto o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde correspondente á obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. Cambre”. Expediente número 2020/C002/000100

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C002/000100 para a contratación como contrato menor da obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. Cambre”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de agosto de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa *Arias Infraestructuras, S.A.*

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. segundo establece a Resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos nº 1055/2020 de 28 de xullo (exp. 2020/C002/000102).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por don Francisco Jesús Cobas Fernández, técnico designado por Gallega de Coordinacións, S.L., ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 20 de agosto de 2020 e número 202099900002403.

Visto o informe favorable emitido con data 26 de agosto de 2020 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa *Arias Infraestructuras, S.A.*, para a execución da obra denominada “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. Cambre. Expte 2020/C002/000100

Segundo: Notificar este acordo á empresa *Arias Infraestructuras, S.A.* e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, responsable do contrato, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Proposta de adxudicación do servizo de "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre", a prol do licitador "Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste S.L.U. (IPRENOR)", no prezo total ofertado de 5.614,09 euros IVE incluído (4.639,74 euros sen IVE). Expediente número 2020/C004/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado na plataforma TEdC ao número 2020/C004/000007, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre", cun valor estimado de 7.394,00 euros e un orzamento base de licitación de 8.946,74 euros, IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que se deriva da acta da mesa de contratación celebrada con data de 10 de xullo, así como a proposta de adxudicación formulada a prol licitador "Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste SLU (IPRENOR)", no prezo total ofertado de 5.614,09 euros IVE incluído (4.639,74 euros sen IVE), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación, tendo xustificada a súa oferta, inicialmente incurso en baixa temeraria, segundo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas con data de 17 de xullo de 2020 ratificado pola mesa de contratación en sesión celebrada con data de 3 de agosto.

Visto que, en aplicación do acordado pola mesa de contratación en sesión celebrada con data de 3 de agosto, con data de 11 de agosto se lle requiriu ao licitador proposto para que, no prazo de 7 días hábiles presentase a través da Plataforma de Contratación do Estado a documentación relativa á súa solvencia económica, financeira e técnica e acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais, así como a documentación xustificativa de estar ao corrente coas súas obrigas coa seguridade social e dado de alta no epígrafe correspondente do IAE, máis o xustificante de ter constituído a garantía definitiva por importe de 463,97 euros; isto, tendo en conta os datos que xa figuran no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, e co fin de dar cumprimento ao establecido na cláusula 17.

Visto que con data de 21 de agosto, dentro do prazo establecido ao efecto, o licitador achegou a documentación requirida.

Visto o informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas con data de 25 de agosto de 2020 respecto da acreditación da solvencia técnica, así como de dispoñer efectivamente medios persoais.

Visto o informe proposta emitido pola Secretaria accidental con data de 25 de agosto de 2020.

Visto o informe de fiscalización emitido polo Interventor Municipal con data de 27 de agosto de 2020.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 4 e do 30 de xuño de 2020, declarar válida a licitación, admitindo nela ás empresas que a continuación se relacionan, por cumprir

as condicións e requisitos establecidos nas Cláusulas 9 e 10 do PCAP e achegar debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do mesmo:

- Cies Atlántico S.L.U.
- Ingeniería y Prevención de Riesgos S.L.
- Manuel Pérez Naveiro
- Norvalia Soluciones Multiservicios S.L.U.
- SGS Tecnos
- Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U.” (IPRENOR)

Segundo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 4 de xuño de 2020, excluír a oferta presentada por “Galega de Coordinacións S.L.” por ser presentada ás 0:39 horas do día 29/05/2020, fóra do prazo de presentación de ofertas de 15 días naturais, que se iniciou a partir do seguinte ao 13/05/2020, data de publicación do anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil do Contratante do Concello de Cambre (artigo 159.3 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), e que finalizou ás 23 horas 59 minutos e 59 segundos do día 28/05/2020, tal e como se deriva do establecido na cláusula 13.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen este contrato.

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 10 de xullo de 2020, ratificar as puntuacións que constan no informe emitido pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal con data de 8 de xullo de 2020 e, en consecuencia, outorgar aos 6 licitadores admitidos na presente licitación as seguintes puntuacións correspondentes aos criterios de valoración que constan na cláusula “12.A) Proposta técnica descritiva (ata 25 puntos)” do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (Sobre B):

EMPRESAS	Memoria	Dossier	TOTAL
CIES Atlántico SLU	15	5	20
Ingeniería y Prevención de Riesgos, SL	15	5	20
Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (IPRENOR)	20	5	25
Manuel Pérez Naveiro	0	0	0
Norvalia Soluciones Multiservicios, S.L.U.	20	5	25
SGS Tecnos	10	2,5	12,5

Cuarto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 10 de xullo de 2020, excluír do procedemento ao licitador “Manuel Pérez Naveiro”, posto que no sobre C non incluíu o modelo de Proposición Anexo III do PCAP, senón que volveu incluír a Declaración Responsable Anexo II, non constando, polo tanto, oferta económica deste licitador; isto, de conformidade co establecido na cláusula 16.2 PCAP e artigo 139 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Quinto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 10 de xullo de 2020 e co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, aprobar as puntuacións correspondentes aos criterios de valoración que constan na cláusula “12.B) Oferta económica” (ata 75 puntos) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (Sobre C):

EMPRESAS	Oferta sen IVE	Oferta con IVE	TOTAL
CIES Atlántico SLU	6.210,96 €	7.515,26 €	32,21
Ingeniería y Prevención de Riesgos, SL	5.674,33 €	6.865,94 €	46,83
Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U.	4.639,74 €	5.614,09 €	75

(IPRENOR)			
Norvalia Soluciones Multiservicios, S.L.U.	5.175,80 €	6.262,72 €	60,40
SGS Tecnos	6.654,60 €	8.052,07 €	20,13

Sexto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 10 de xullo de 2020, ratificar a puntuación global obtida por cada un dos licitadores admitidos, por orde decrecente de puntuación:

EMPRESAS	Puntuación proposta técnica	Puntuación oferta económica	TOTAL
Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (IPRENOR)	25	75	100
Norvalia Soluciones Multiservicios, S.L.U.	25	60,40	85,40
Ingeniería y Prevención de Riesgos, SL	20	46,83	66,83
CIES Atlántico SLU	20	32,21	52,21
SGS Tecnos	12,50	20,13	32,63

Sétimo: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 10 de xullo de 2020, adjudicar o “Servizo de coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas do Concello de Cambre” (expediente 2020/C004/000007) a favor da entidade “Enxeñería, Medio Ambiente e Prevención do Noroeste SLU (IPRENOR)”, no prezo total ofertado de 5.614,09 euros, IVE incluído (4.639,74 euros sen IVE), que supón a aplicación dunha porcentaxe de 0,753 % sobre o orzamento sen IVE dos proxectos de obra obxecto do servizo; isto, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares e por ter xustificado debidamente a súa oferta, inicialmente incurso en baixa temeraria.

Oitavo: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 23.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adjudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula.

Noveno: De conformidade coa cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co artigo 62 da LCSP, designar como responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Décimo: Notificar o presente acordo ao adjudicatario e aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público e cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da



citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo primeiro: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López